



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 2 DE ABRIL DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de abril de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin .

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Esta presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinte e cinco de marzo de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

**LICENZA DE APERTURA E ENTRADA EN FUNCIONAMENTO RIB/N/11.3/12 .-**

Visto o escrito presentado por **Dona Sonia De Souza con NIE nº X 6009936-J**, onde solicita Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento dun local destinado a Cafetería na Rúa Muñoz Calero nº 2, baixo 1(Ref. Catastral 10305/09), en Ribadavia.

Visto o informe técnico da Arquitecto Municipal de data 27 de febreiro de 2013 no que se conclue o seguinte:

*“Na Documentación Fotográfica que se presenta, con data de Rexistro de Entrada do Concello de 25 de febreiro de 2013, a parede lateral esquerda, cara ó arroio Maquiáns, conta con acabado pintado en cor branca; o que se constatou na visita de comprobación de data de 26 de febreiro de 2013.*

*Por elo, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Apertura solicitada”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

1. Outorgar a Licenza de Apertura e Entrada en Funcionamento para actividade de Cafetería, a Dona Sonia De Souza, na Rúa Muñoz Calero nº 2, baixo 1 (Ref. Catastral 10305/09), en base ao informe técnico transcrito, devendo satisfacer en concepto de taxa por licenza de apertura a cantidade de 183,83 euros.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Gonzalo Blanco Vázquez en representación da Asociación PLATAFORMA ANTITAUURINA DE OURENSE LASTEMA DE BOIS, con data RE 26 de marzo de 2013, nº RE 1316, relativo a información sobre a problemática dos circos con animais salvaxes.

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Lua García Saura con DNI nº 76.711.263-F**, con domicilio na Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 44, en Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o local comercial sito na Rúa Hermanos Alvarez Araujo nº 44, en Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 04-03-2013 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia ao acordo adoptado en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, con data RE 25 de marzo de 2013 nº RE 1294, relativo a autorizar a reprodución das fotografías.
2. Comunicación do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, con data RE 27 de marzo de 2013, nº RE 1330, relativo a acuse de recibo do acordo plenario.
3. Comunicación da Deputación de Ourense, con data RE 27 de marzo de 2013, nº RE 1328, relativo a redacción do proxecto para a execución da obra "Arranxo da estrada



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

que une a N-120 en Ribadavia coa poboación de Santo Estevo de Novoa no Concello de Carballeda de Avia” dende o P.Q. 0,900 ata o límite municipal con Carballeda de Avia, correspondente ó Plan Municipal de 2013.

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### Petición da Xunta Local de Goberno

Despois das declaracións publicadas pola Directora Xeral de Familia e Inclusión da Consellería de Traballo e Benestar, en base a unha entrevista co voceiro da do grupo municipal do PP en Ribadavia, dando a entender a súa disponibilidad para arranxar un problema xerado pola propia Xunta de Galicia e o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e ante a total e absoluta falta de educación institucional co propio Concello de Ribadavia, onde ten denunciado tanto por activa como por pasiva as deficiencias que presenta unha edificación para o uso que o Consorcio Galego lle está a dar ata o momento de escola infantil, así como as reiteradas denuncias que se fixeron por o Consello escolar da propia escola infantil, así como a denuncia das necesidades básicas que as coidadoras están a demandar á Xerencia do Consorcio Galego, así como tamen lle consta a este Concello, diferentes escritos que os/as pais/nais dos cativos/as escolarizados veñen demandando ano tras ano, unhas melloras estruturais básicas para o bó funcionamento da Escola infantil, e sendo conscientes todos os actores que a competencia de esta escola infantil é única e exclusivamente da Xunta de Galicia (Consorcio Galego); e despois de diversas e variadas denuncias dende o ano 2010 onde se puxeron en coñecemento as diversas deficiencias que hoxe en día seguen a reproducirse na mencionada escola infantil de Ribadavia, os integrantes da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, queremos expoñer e solicitar a seguinte información:

1. Cal é o motivo polo que despois de 3 anos e dous mocións presentadas e aprobadas por unanimidade do Concello de Ribadavia expoñendo as deficiencias do centro, así como a súa xestión, aínda hoxe non temos resposta.(última moción aprobada por unanimidade é do 26 de Abril do 2012)
2. Cal é o motivo polo que se mantén unha entrevista cun membro do grupo da oposición do Concello de Ribadavia dende un cargo institucional da Xunta de Galicia como é unha Dirección Xeral, e utilízalo de forma partidista e partidaria, sin informar o Concello de Ribadavia dos posibles acordos (recordarlle a esa dirección Xeral que o Concello de Ribadavia ten asinado un convenio coa Xunta de Galicia para a xestión conxunta deste centro infantil).
3. Entendemos que a Xunta de Galicia ten que velar polos principios básicos que rexen unha administración pública como son a coordinación e a colaboración entre



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

- administracións, e deixar de utilizar a Xunta como un cortello político onde sacar renditos partidistas e partidarios.
4. Necesidade deste Concello de coñecer de primeira man os compromisos adquiridos para dar solución os graves problemas dos que adolece esta escola infantil dende a súa inauguración e que son responsabilidade única e absoluta da negligencia e pasividade desa dirección Xeral e da Xerencia do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.
  5. Necesidade de respostar os requerimentos do Concello de Ribadavia por medio das súas respectivas mocións, así como tamen necesidade de resposta das actas do Consello escolar, onde se demanda o arranxo inminente das deficiencias estruturais e de espazo que poden xerar graves problemas de funcionalidade da propia escola infantil, e que a día de hoxe todas estas demandas están sin respostar.

Así mesmo acórdase que dé traslado deste acordo a Dirección Xeral de Familia e Inclusión da Xunta de Galicia e a Xerencia do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, os efectos oportunos

#### **NOMEAMENTO DE AVOGADO .-**

Vista a interposición de Incidente de Execución 014/2013 0001-D en relación co procedemnto abreviado 227/12 ante o Xuzgado Contencioso-Administrativo nº 2, de Ourense, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1. Encomendar a defensa e representación deste Concello o letrado Don Angel Pazos Huete, e nomear como procurador a Dona Begoña Pérez Vázquez.
2. Facultar a Alcaldía para a realización de todos os trámites necesarios.

#### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

- 1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de Marzo 2013, por importe de 595,20 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

#### **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente,  
do cal, coma Secretario, certifico.



